



"A forza que tiña o clientelismo en 1983 hoxe conxúgase coa manipulación do discurso"

[David Reinerio](#)

8 de maio de 2026

<https://praza.gal/cultura/a-forza-que-tina-o-clientelismo-en-1983-hoxe-conxugase-coa-manipulacion-do-discurso>

Cáncara, o último libro de Fran Alonso, escritor e director de Xerais, novela e reflexiona arredor da historia real da detención dunha vaca en Baiona, a vila da súa mocidade. Pero Alonso tamén fala da política de hoxe.

Hai 35 anos que Fran Alonso (Vigo, 1963) publicou *Tráiler*, o primeiro dunha longa serie de libros de narrativa, poesía e ensaio cos que logrou éxito ante público, crítica e xurados. Desde 2018 é ademais director da editorial Xerais. Pero antes de todo iso foi neno, adolescente e mozo en Baiona, a onde volve coa súa última novela. Ou ensaio. Ou experimento literario. Algo de todo iso ten [Cáncara](#), libro no que explora variacións arredor da [historia real da detención dunha vaca en 1983 por parte do daquela alcalde de Baiona](#) por pastar en terreos supostamente municipais a carón da fortaleza da vila. Alonso relata e reflexiona arredor do poder político, a literatura, a opinión pública e as súas propias lembranzas dun tempo, un lugar e unhas formas de comportarse que xa non existen. Ou si.

No libro novélase unha historia real e reflexiónase moito sobre como se fai literatura con esa historia e como a deturparían hoxe os medios de comunicación. Como se fai unha entrevista sobre un libro sen rebentar o seu contido?

Recoñezo que con este libro é difícil facer unha entrevista sen rebentar o contido porque boa parte ten que ver coa propia concepción literaria do libro. Hai cousas que se as destripas das demasiadas pistas. É certo que é complicado. Hai aí un debate literario importante, que ten que ver co que se conta e tamén coa transformación do tempo desde 1983 ata a actualidade.

Na introdución desta entrevista, como entrevistador vou dicir que o libro pode ser unha novela, ou un ensaio, ou un experimento literario. E que vostede relata e reflexiona arredor do poder político, a literatura, a opinión pública e as súas propias lembranzas. Pero que opina o entrevistado do seu propio libro?

O que tiña moi claro é que a detención da vaca era unha anécdota, con moitísima forza, unha anécdota esperpéntica polo que ten de comicidade, de absurdo, pero que quería transcender a anécdota. Significaba utilizar a anécdota para falar do mundo, da miña visión do mundo, da miña visión da literatura, de como o mundo se transforma e como esa transformación tamén fai que nos transformemos nós. Porque nós estémonos transformando empuxados pola transformación tecnolóxica. É o que está cambiando radicalmente o mundo, o que está empuxando o mundo desde o punto de vista da política, social, etc. Quería reflexionar sobre todo iso, porque concibo tamén a literatura como algo que ten poder transformador. Para min a literatura evidentemente ten que ser diversión, pasar un bo rato, pero ao mesmo tempo quero facer unha literatura que vaia mais alá, que teña capacidade de transcender, de impresionar ou empatizar, de facer reflexionar, e que cando a lectura remate as persoas teñan a sensación de ter aprendido algo, ou polo menos ter visto algo distinto, algo novo. Iso lévame sempre a pescudar en cada libro, non repetir as fórmulas dos anteriores senón buscar novas formas de narrar. Incluso na poesía, novas formas de transmitir, novas formas de abordar a realidade desde a óptica literaria.

Un libro sobre o propio escritor é autobiográfico. Pero isto podería ser máis ben unha biografía dunha vila ou dunha sociedade? Como se chama ese tipo de libro?

Creo que si, que é máis ben unha biografía dunha sociedade. Digamos que a vila é o centro, pero a vila pode ser paradigmática de moitísimas vilas. Por exemplo, no que se refire á corrupción urbanística, que está tratada na novela. Cantas vilas galegas estiveron sometidas naqueles anos á corrupción urbanística, ao desenvolvemento desmedido do seu chan. Convértese en espello de cara a onde está evoluíndo a sociedade, de cara a onde camiñamos expulsados polos cambios tecnolóxicos, que en definitiva son os que provocan tamén cambios sociais e os que acaban provocando cambios de mentalidade. É certo que cada época evoluciona desde o punto de vista intelectual, pero tamén é certo que nunca vivimos os cambios tan aceleradamente como nesta época. Estamos nun novo deseño de abordar o tempo. Ese deseño que temos actualmente de abordar o tempo non é comparable ao que sucedeu ao longo da historia. É un tipo de aceleración moi distinta que non sabemos onde nos vai conducir, pero que en todo caso, e diso estou convencido, está en estado embrionario. Creo que vai dar lugar a un novo sistema, inevitablemente, ten que dar lugar a un novo sistema que supere o capitalismo, que supere todo o que coñecemos de organización social. Non son gurú nin teño capacidade de análise xeopolítica, pero si que é a miña intuición. Creo que un cambio de mentalidade leva inevitablemente a un cambio tamén de sistema. Porque o sistema actual está obsoleto, serve só aos intereses de moi pouca xente, e creo que as sociedades non poden permitir iso.

Que hai de irrecuperable e de presente desa Baiona de 1983? Ou de calquera vila galega de 1983? Ou da sociedade galega?

Hai moito irrecuperable. Na novela tamén falo da transformación dos espazos. Ás veces non nos decatamos de como nos afectan os espazos. Cando vou aos centros de ensino para falar da palabra, de como nos afecta a palabra, falo moitas veces dos espazos. Porque as palabras son como os espazos, identificámonos cos espazos e coas palabras. Fágolles sempre unha pregunta, cantos deles na clase, á hora de comer, sentan sempre no mesmo lugar. Levantan todos a man, e se atopan unha irmá ou un irmán nese lugar seguro que o botan. Non responde a un capricho. Evidentemente non nos pasa nada por sentar nun lugar distinto, pero responde a ese proceso de identificación que é algo moi íntimo e que temos cos espazos e coa palabra. Por iso os escritores non podemos elixir palabras aleatoriamente. Debemos revisar con coidado as palabras, porque teñen que transmitir algo intimamente. Cos espazos sucede o mesmo, por iso falo de como eses cambios que teñen os lugares cando estás dentro deles, non os percibes, pero

cando te afastas deles, actúan como se te expulsasen. E cando retornas a eles, non os recoñeces. Foi o que me pasou a min con Baiona. Esa expulsión que parece que che falla o lugar. Por iso me sinto estraño en certa medida.

En 1983 en Baiona, vila mariñeira, detívose unha vaca por meterse onde o poder non quería. Xa non quedan tantos mariñeiros en Baiona, e menos aínda vacas, nunha vila que vive do turismo e as segundas residencias. É máis probable hoxe que se deteña un *influencer* por meterse onde o poder non quere?

De feito é así, non? Hai algúns casos, como o do rapeiro este, Hasél. Non é un *influencer*, é un rapeiro, pero poderíamos dalo por *influencer*. É certo, o campo das ideas é un campo complicado. Hoxe, cando a extrema dereita está lanzando eses tentáculos desde o punto de vista sociopolítico, tentando cambiar o pensamento social, incidir sobre a percepción que a sociedade ten ou temos da realidade... Opoñerte a algo tan contundente como a extrema dereita evidentemente sempre supón un perigo. Pero en todo caso son optimista. Creo que temos que combatelo sen tregua. Creo que podemos vencer a extrema dereita. Teño esa confianza.

O alcalde independente de Baiona que detivo a vaca en 1983, Benigno Rodríguez Quintas, acabou condenado a finais desa década por mercar formigón para o Concello á súa propia empresa. Estivo inhabilitado seis anos pero volveu presentarse ás eleccións de 1999 e 2003, logrou 4 e 3 concelleiros, volveu ser alcalde catro anos e malia a súa condena previa pactaron con el nun ou noutro momento todos os partidos, PP, PSdeG e BNG. E traizoounos a todos. Que imaxe deixa iso da cidadanía e dos políticos de Baiona?

Terrible. A imaxe que deixa é terrible. Eu quixen introducir como protagonista, como voz da novela, o pobo por iso. Por como actuaba o clientelismo naqueles anos, no 83, e a manipulación informativa hoxe. O clientelismo tiña unha forza terrible, pero ademais hoxe conxúgase tamén coa manipulación do discurso. A manipulación do discurso está máis próxima aos nosos tempos e o clientelismo a 1983, pero son dúas forzas que actúan cambiando as mentalidades, influíndo ou coaccionando as mentalidades. Por iso me interesaba moito esa voz do pobo que é susceptible de ser sometida a distintos tipos de discurso, que é permeable a eses discursos. O discurso hoxe é moi perigoso, hai que ser moi conscientes do perigo que ten. Incluso falaría en termos políticos de que vivimos un momento de privatización da palabra. Porque sacarlle o sentido real, semántico ou profundo que teñen as palabras e revertelas para facelas significar o contrario é terriblemente perverso e algo que se fai xa a diario.

No libro dise que os xornalistas andas ás presas e unha xornalista reflexiona sobre o preferible que é falar coas fontes ou os entrevistados no seu propio territorio. Nesta entrevista deixamos que o entrevistado elixise o lugar de Baiona no que quería facela. Por que este lugar?

Non sei onde foi o lugar exacto da detención da vaca, pero supoño que nesta zona entre o parque da Palma, a praia da Concheira e a aba do castelo, é o que me parece o lugar máis emblemático, porque ten ese significado simbólico do feito que deu lugar á novela.

O libro fala do poder. Falemos doutros poderes máis alá do libro. Xerais editaría este libro se o autor non fose o director de Xerais?

Sen dúbida ningunha, si. É unha pregunta complicada porque non podo dicir se a novela está ben ou non. Pero se chega unha novela que a min me gusta como editor, que non é o mesmo que me guste como lector, e que a considero interesante, evidentemente publicámola. Creo que publicamos cousas que teñen crítica política potente. Na edición publicas un pouco de todo e

hai libros que son máis de entretemento, libros máis comerciais, pero tamén hai moitos libros de reflexión. O máis importante na edición é a variedade e sobre todo ter esa mirada de que ti non es un lector, ti es un editor, e polo tanto tes que editar para distintos tipos de público, non podes editar para ti. Por exemplo a mi non me gusta a ciencia ficción. Se teño que ler ciencia ficción, doullo a outra persoa porque eu non me sinto neutral para valorala. Non podo ser eu quen xulgue unha novela así. Outra cousa é que lle dea tamén a maiores unha lectura, pero que a miña opinión non sexa a prioritaria.

E como director de Xerais, á marxe do seu libro, como vai o sector do libro galego?

Vai de forma complicada, rengueante. Estamos nun momento en que desde a administración pública se están retirando todo tipo de apoios. Incluso apoios que se viñan producindo desde hai moitos anos. Tiñamos un apoio mais ou menos decente no ámbito do libro dixital, cunha serie de compras para as bibliotecas públicas por unha serie de usos, e agora nos eliminan ese tipo de compras e queren pagarnos os dixitais a un prezo moitísimo máis baixo. Sucede con todo. Non conseguimos apoio nin predisposición para que os editores teñamos capacidade de poder administrar a presenza de Galicia nas feiras internacionais, algo que chama moito a atención no resto do Estado, porque en calquera outra comunidade autónoma é o habitual. Vivimos un momento moi difícil, ademais coa lingua en regresión, especialmente entre as xeracións máis novas. Non se ven medidas que tenten reverter a situación. O conselleiro e mesmo Rueda fixeron a declaración de que sete de cada dez galegos len en lingua galega, e eu quixera saber de onde sacan esas cifras, porque me parecen de ciencia ficción. Contradín os barómetros de hábitos de lectura que din que é o 4,5%, e aí inclúen lectura ocasional e lectura frecuente. De onde sae ese sete de cada dez? Cando encargan ese tipo de estudos lamentablemente non se centran na lectura en lingua galega, senón na lectura en Galicia, o cal repite o que xa sabemos porque xa o fai a Federación de Gremios de Editores co apoio do ministerio. Habería que facer algo específico sobre a lectura en lingua galega. Pero tampouco hai un plan de lectura, o que se nos mandou era unha broma, non tiña orzamentos, nin finalidades, nin descrición de accións, nin sistema de avaliación. O Consello do Libro non funciona desde hai moito tempo, todo o sector do libro abandonouno de forma masiva porque non se tiña en conta a súa opinión e non se volveu convocar. A situación é realmente terrible.

Hai xa dous anos que mudou o conselleiro de Cultura pero o resto de altos cargos da consellería seguen sendo os mesmos desde hai máis dunha década. É bo ou malo para o sector do libro? É estancamento ou estabilidade?

Creo que é estancamento, sen dúbida. Necesítanse novas voces, novas enerxías, novas ideas. Houbo tempos en que realmente había moita maior predisposición, moita máis capacidade para ter interlocución co sector. Hoxe iso perdeuse completamente, iso é terrible, e cada vez que temos encontros co conselleiro danos boas palabras e logo non se cumpren. Entón xa sabemos que é inútil. Para que se non cumpran as cousas que prometen...